

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

PC701.04 Trabajo de fin de estudos

| Edicións | Data | Revisións e motivos das mesmas | Aprobación Consello escolar |
|----------|------------|--|-----------------------------|
| 1 | 1-09-2015 | Acreditación ACSUG | 29-09-2015 |
| 2 | 21-03-2017 | Adecuación Orde 21 de novembro de 2016. Aspectos básicos. | 04-04-2017 |
| 3 | 18-12-2017 | Adecuación Orde 21 de novembro de 2016 | 28-02-2018 |
| | | | |
| | | | |

TRABALLO DE FIN DE ESTUDOS

OBXECTO

- Establecer os subprocesos de convocatoria, inscrición, realización, presentación, defensa e avaliación, e dos procedementos que correspondan en cada caso.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- Alumnado da ESAD [que cumpra os requisitos establecidos nos artigos 35, 36 e 37 da Orde de 21 de novembro de 2016.](#)

RESPONSABILIDADES E FUNCÍONS

Dirección

- Velar polo correcto desenvolvemento do procedemento e atender suxestións e propostas en relación ao mesmo.
- Nomear os integrantes de cada Tribunal, [titular e suplente](#), segundo proposta da Xefatura de Estudos.

Xefatura de Estudos

- Coordinar as actividades académicas vinculadas coa presentación e defensa de TFEs.
- Propoñer, [óidos os departamentos e o titor/a de cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, os Tribunais para cada TFE.](#)
- Establecer o calendario para a presentación e defensa.
- Supervisar o cumprimento dos protocolos e rexistros vinculados coa presentación, defensa e avaliación.
- Facilitar o acceso do alumnado ás infraestruturas e recursos. Coordinar o uso de infraestruturas e recursos.
- Coordinar o proceso de realización, presentación e defensa xunto co Departamento de Creación e produción e de Mobilidade e transición de ser o caso.

Secretaría

- Coordinar, xunto coa Xefatura de Estudos, as actividades académicas vinculadas coa inscrición de TFEs e coa avaliación dos mesmos.
- Supervisar os procedementos de información e documentación dos TFEs.
- Supervisar o cumprimento dos protocolos e rexistros vinculados coa inscrición e a cualificación final dos TFEs.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

- Informar, coñecer e participar no proceso de inicio, desenvolvemento e finalización do proceso.
- Coñecer, informar e aprobar, no exercicio das súas competencias, criterios de inscrición, aceptación, elaboración, presentación, defensa e avaliación dos TFEs [e validar, se for o caso, a proposta de profesorado titor responsable realizada polos departamentos.](#)
- [Valorar e validar os TFEs cunha orientación investigadora ou pedagóxica e a proposta de dirección realizada polo alumnado, de ser o caso.](#)
- Coñecer, informar e aprobar calquera cuestión relativa ao proceso no ámbito das súas competencias.
- Coñecer, informar e decidir, de ser o caso, sobre o uso de infraestruturas e recursos.

Departamentos didácticos

- Coñecer, informar e propoñer criterios de inscrición, aceptación, elaboración, presentación, defensa e avaliación dos TFEs da especialidade, [así como o profesorado titor responsable.](#)

- Coñecer, informar e propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica todas cantas suxestións estimen oportunas para a mellora permanente do proceso.
- Propoñer integrantes para os tribunais de cada TFE.

Tribunal de TFE

- Coñecer e valorar o TFE obxecto de avaliación coa antelación necesaria.
- Coñecer e valorar a memoria do TFE obxecto de avaliación.
- Asistir aos actos de presentación e de defensa do TFE.
- Seguir as pautas comúns establecidas nos procedementos de defensa e avaliación.

Titor/a de TFE

- Colaborar co alumnado na definición do TFE cando sexa necesario.
- Contribuír ao desenvolvemento do TFE do alumnado.
- Supervisar o desenvolvemento do TFE.
- Asistir ás sesións de traballo nas que o alumnado desenvolve o seu traballo.
- Manter reunións periódicas co alumnado para facer un seguimento do traballo.
- Decidir sobre a idoneidade do traballo para ser presentado, e emitir, en consecuencia, o informe individualizado establecido no artigo 37. 5 da Orde do 21 de novembro de 2016 (agás nos casos dun TFE cunha orientación investigadora ou pedagóxica, en que tal tarefa será realizada pola persoa responsable da dirección do mesmo). Anexo II.
- Propoñer integrantes do Tribunal á Xefatura de estudos (agás nos casos dun TFE cunha orientación investigadora ou pedagóxica, en que tal tarefa será realizada pola persoa responsable da dirección do mesmo). Anexo II.
- Supervisar a redacción da memoria e o acto de presentación e defensa (agás nos casos dun TFE cunha orientación investigadora ou pedagóxica, en que tal tarefa será realizada pola persoa responsable da dirección do mesmo).

Director/a de TFE Cando a natureza do traballo así o aconselle, especialmente no caso dos traballos de investigación ou cunha orientación pedagóxica, o alumnado poderá solicitar a supervisión e tutela dun director/a entre todo o profesorado do centro, segundo se establece no artigo, 36.4 da Orde do 21 de novembro de 2016, correspondendo á Comisión de Coordinación Pedagóxica dar o praxe para a súa designación. O dito director/a deberá coordinarse co titor/a do alumnado para unha adecuada supervisión do proceso de traballo. Neste caso, as funcións e responsabilidades do director serán as de:

- Contribuír ao desenvolvemento do TFE.
- Supervisar o desenvolvemento do TFE.
- Asistir ás sesións de traballo nas que o alumnado desenvolve o seu traballo.
- Manter reunións periódicas co alumnado para facer un seguimento do traballo.
- Decidir sobre a idoneidade do traballo para ser presentado, e emitir, en consecuencia, o informe individualizado establecido no artigo 37. 5 da Orde do 21 de novembro de 2016. Anexo II.
- Propoñer integrantes do Tribunal á Xefatura de estudos. Anexo II.
- Supervisar a redacción da memoria e o acto de presentación e defensa.

Alumnado

- Solicitar a colaboración do profesorado en relación coa idoneidade dos TFEs a considerar para a súa inscrición, e de ser o caso solicitar un director/a entre todo o profesorado do centro.
- Inscibir o TFE, segundo o IP701.07, e atender as recomendacións do Departamento en razón da súa orientación e viabilidade.
- Solicitar infraestruturas e recursos para o desenvolvemento do seu TFE.
- Elaborar unha memoria, editala, e presentar as copias da mesma nos prazos establecidos e segundo o procedemento que se propón no presente proceso. As normas básicas para a edición da memoria figuran no Anexo III do presente documento e no IP701.14.

- Propoñer persoas para integrar o Tribunal que valore o seu traballo, a través do seu Titor/a, [ou Director/a de ser o caso](#).

Persoal de administración e servizos

- Ofrecer información sobre o proceso.
- Facilitar o uso das infraestruturas e recursos segundo as instrucións emanadas dos departamentos correspondentes.
- Realizar as inscricións e rexistros que correspondan e darlle o trámite correspondente.
- Arquivar e custodiar a documentación do proceso.

Departamento de creación e produción

- Xestionar o uso de infraestruturas e recursos.
- Colaborar coa Xefatura de Estudos na elaboración do calendario de presentación e defensa de TFEs.
- Atender as solicitudes de titores/as de TFE e de alumnado en relación co proceso de elaboración dos traballos.
- Rexistrar en formato audiovisual a presentación dos TFEs, [a petición por escrito de alumnado ou profesorado](#).

Departamento de Calidade / Servizo de Garantía Interna de Calidade

- Supervisar o desenvolvemento do proceso e introducir as melloras necesarias, consideradas ou suxeridas, en colaboración coa Dirección, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, os Departamentos e todos os integrantes da comunidade escolar.
- Poñer a disposición da comunidade escolar os documentos para o desenvolvemento do proceso.
- Rexistrar e arquivar a documentación vinculada co proceso.

Servizo de Biblioteca

- Recibir e rexistrar as memorias de traballo, trasladalas ao depósito correspondente e velar polo uso adecuado das mesmas.
- Recibir e rexistrar os documentos audiovisuais e doutro tipo vinculados cos TFEs.

NATUREZA DO TFE

[A Orde do 21 de novembro de 2016](#) establece a natureza e trazos do Traballo de Fin de Estudos para cada unha das especialidades tendo en conta o perfil profesional propio de cada unha, que terán as características seguintes:

- Especialidade de Dirección escénica e dramaturxia: Elaboración, e posterior presentación e defensa, diante dun tribunal, dun traballo práctico de carácter escénico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.
- Especialidade de Escenografía: Elaboración, e posterior presentación e defensa, diante dun tribunal, dun traballo escenográfico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.
- Especialidade de Interpretación: Elaboración, e posterior presentación e defensa, diante dun tribunal, dun traballo práctico de carácter escénico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.
- [Iguamente a norma establece a posibilidade de que a Comisión de Coordinación Pedagóxica, sempre que medie unha solicitude debidamente xustificada, autorice a elaboración, presentación e defensa de traballos de investigación ou cunha orientación educativa, atendendo igualmente ao perfil profesional dos titulados e tituladas en arte](#)

dramática en tanto establece que han de ser competentes para o exercicio da investigación e da docencia. A extensión mínima do traballo será de cen páxinas e a súa supervisión e tutela poderá ser encomendada a calquera profesor ou profesora do centro.

- As normas básicas para a redacción e edición da memoria aparecen recollidas nos Anexos I e III.

O TFE contará cunha Guía Docente, dispoñible na páxina web da Escola, na que se farán constar os criterios de avaliación en razón dos tres parámetros considerados na lexislación vixente: presentación do traballo práctico diante do Tribunal en sesión pública, memoria do TFE, e defensa do traballo diante do Tribunal en sesión pública. [Iguamente contará cunha Guía para a elaboración dun TFE cunha orientación investigadora ou educativa na que se precisarán as posibilidades e vías para a realización da memoria e para a súa presentación e defensa \(IP701.13\).](#)

Para a presentación do TFE o alumnado deberá ter superadas todas as materias dos catro cursos. [Non obstante a Xefatura de Estudos poderá autorizar a matrícula do TFE a alumnado con disciplinas pendentes, sempre que a suma dos créditos asociados non sexa superior a 15.](#)

O alumnado disporá de dúas convocatorias para a presentación e defensa do seu TFE, que se corresponderán coa convocatoria ordinaria e extraordinaria. O alumnado que non poida presentar o TFE nesas dúas convocatorias poderá solicitar o uso das dúas convocatorias no primeiro cuatrimestre do seguinte curso académico.

A avaliación do TFE corresponderá a un Tribunal designado pola dirección da escola [a partir da proposta da Xefatura de estudos, que atendera para a súa formulación as propostas do Departamento que corresponda ou da persoa que exerza a tutela do traballo, en función das especificidades do mesmo.](#) O Tribunal estará integrado por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a, e un/ha vogal, e preferentemente [os seus integrantes serán da especialidade correspondente ao Traballo que se presente. As persoas que exerzan a tutela do TFE non formarán parte do Tribunal, agás no caso excepcional de falta de profesorado.](#)

DESENVOLVEMENTO

O desenvolvemento das fases do Traballo de Fin de Estudos realízase en función dos subprocesos que se consideran.

Convocatoria. No mes de setembro, a Xefatura de Estudos, xunto co profesorado que imparta a disciplina Traballo Fin de Estudos (TFE) e os titores/as de cuarto curso, de ser o caso, celebrarán unha xuntanza co alumnado de cuarto curso para informar en relación ao proceso de inscrición e desenvolvemento dos TFEs. Na xuntanza a Xefatura de Estudos trasladará ao alumnado toda a información relativa ao procedemento, [así como o impreso IP701.12.](#)

Inscrición. Nos prazos que se establezan segundo o calendario do centro, o alumnado realizará a inscrición do seu traballo na Secretaría da Escola, seguindo o modelo establecido. Rematado o prazo, desde a Secretaría da Escola, o/a Secretario/a do centro remite copia das propostas aos Xefes/as de cada departamento, emitindo igualmente unha acta (IP701.02) coa listaxe de traballos presentados, na que se indicará alumnado e a denominación do traballo. Esta listaxe será remitida igualmente aos Xefes/as de Departamento e feita pública no taboleiro da Secretaría.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, os departamentos analizarán a adecuación e a viabilidade das propostas, e procederán á asignación de titores/as en función do profesorado que imparta docencia da disciplina TFE, deixando constancia das súas decisións nunha acta elaborada segundo o modelo IP701.03, que se depositará na Secretaría do centro e na Xefatura de estudos. A secretaria da Escola fará pública a acta definitiva segundo modelo IP701.02. [No caso de traballos nos que o alumnado solicite un director/a de entre o](#)

profesorado do centro, a Comisión de Coordinación Pedagóxica emitirá, de ser o caso, o seu prace para tal supervisión.

Realización. Unha vez asignados os titores/as a cada traballo, e no seu caso director ou directora, o alumnado procede ao seu desenvolvemento e realización. Nesta fase cómpre atender varias cuestións de especial relevancia: (1) Os materiais que se adquiren con cargo ao presuposto asignado pola Escola deberán ser inventariados, de ter a condición de inventariables, segundo o modelo IP111.02. (2) A almacenaxe adecuada dos materiais utilizados no proceso traballo, acción que se deberá realizar ora no almacén xeral do centro, ora nas aulas que utilicen os alumnos, sempre nun lugar que non interrompa o normal desenvolvemento das clases. A tal efecto o alumnado deberá manter actualizada unha listaxe dos materiais que está utilizando, listaxe que estará dispoñible no Servizo de Creación e produción. (3) O/a titor/a é o responsable do seguimento do traballo, no que o profesor e o alumno manterán xuntanzas periódicas para analizar o desenvolvemento do mesmo. Para cada reunión establécese unha folla de seguimento, similar ás utilizadas nas titorías docentes.

Presentación. Unha vez que o titor/a, e no seu caso o director/a, entende que o traballo cumpre os requisitos para a súa presentación e defensa, emite un informe favorable, acorda co alumno/a unha data de presentación e igualmente a proposta de persoas susceptibles de formar parte do Tribunal, o que se comunica á Xefatura de Estudos mediante o impreso IP701.08. No seu informe o profesor/a titor/a poderá xuntar en Anexo toda canta información xulgue significativa ou relevante para unha correcta avaliación do traballo. De seguida a Xefatura de Estudos coa colaboración do Servizo de Creación e Produción fixan datas e horas para a presentación do traballo. A Xefatura de Estudos comunica lugar, horas e días de defensa, mediante o IP701.09 no que se nomean igualmente os integrantes do tribunal e o tribunal suplente.

Presentación / Defensa. A presentación e defensa do Traballo de Fin de Estudos terá lugar ao longo de dous días, dos que o primeiro se dedicará á presentación pública do traballo. No segundo día terá lugar a defensa pública do traballo diante do Tribunal. Nese día o alumno/a, fará a presentación e defensa da Memoria do TFE, elaborada segundo os parámetros establecidos no Anexo I do presente documento para cada unha das especialidades, tamén no caso dos traballos de investigación ou intervención. A exposición do alumnado non superará a media hora de duración e a continuación o Tribunal realizará unha quenda de intervencións e/ou preguntas en relación ao traballo e á súa defensa, podendo antes conceder a palabra ao profesor/a titor/a, ou director/a de ser o caso. O alumnado debe presentar a Memoria con sete días de antelación ao día da defensa. Para o acto de presentación e defensa, propónse o protocolo contido no modelo IP701.10. Os traballos cunha orientación investigadora ou pedagóxica serán defendidos nunha única sesión, na que o alumnado defenderá, nunha exposición que non superará a media hora de duración a súa memoria de investigación ou intervención, e a continuación o Tribunal realizará unha quenda de intervencións e/ou preguntas en relación ao traballo e á súa defensa, podendo antes conceder a palabra ao profesor/a responsable da dirección do mesmo. Para a avaliación dos traballos de investigación ou intervención pedagóxica, establécese o modelo contido no Anexo II.

Avaliación. Acta. Unha vez realizada a defensa do Traballo Fin de Estudos, o Tribunal emite un acta (AC701.04) elaborada a partir das actas individuais elaboradas por cada un dos integrantes do tribunal, segundo modelo contido no Anexo II do presente documento. A acta farase pública no mesmo día ou no día seguinte ao da defensa, segundo proceda, no taboleiro do departamento que corresponda, acta que se trasladará á Secretaría do centro para o seu arquivo no expediente persoal do alumnado. O profesor/a titor/a será o responsable de subir a cualificación ao programa de xestión de centros, CODEX.

Revisión e reclamación da avaliación. Revisión e reclamacións ante a cualificación do Traballo fin de Estudos.

1. O alumnado terá dous días para a revisión da cualificación nas convocatorias ordinaria e extraordinaria, a partir do día en que se lle comunique a cualificación a través da aplicación informática Codex-pro. A revisión deberá ser solicitada polo alumnado á persoa que presida o Tribunal, quen poderá dispoñer dos informes de avaliación individualizados para trasladar as valoracións do traballo realizado.
2. Realizada a revisión e de persistir a non conformidade coa cualificación obtida, o alumnado poderá presentar unha reclamación nos dous días seguintes contados a partir do remate do proceso de revisión, mediante o impreso correspondente dispoñible na secretaría, na conserxería, e na páxina web do centro (IP701.02).
3. Esta reclamación só poderá basearse en (a) *inadecuación das probas en relación cos obxectivos e contidos propios definidos para a disciplina na guía docente*, e (b) *incorrecta aplicación dos criterios de avaliación previstos na guía docente*. Esta reclamación será atendida polo Tribunal, que nun prazo máximo de 48 horas elevará á Dirección da Escola unha proposta de resolución, mantendo ou modificando a cualificación.
4. A Dirección resolverá notificando ás partes a resolución nun prazo de 48 horas.
5. De persistir a non conformidade, a persoa reclamante poderá presentar á dirección da Escola, nun prazo máximo de tres días hábiles contados a partir do día da comunicación desa resolución, un escrito no modelo correspondente dispoñible na páxina web do centro (IP701.03) instando o traslado da reclamación á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que a dirección da Escola trasladará cos informes e a documentación pertinente.

ANEXO I ESTRUTURA DA MEMORIA DO TRABALLO DE FIN DE ESTUDOS

Para os efectos do formato da presentación da memoria, son de aplicación as normas APA, sexta edición. Todos os traballos deberán constar dunha portada coa imaxe corporativa do centro e cos datos do traballo, incluíndo **título, nome e apelidos do autor/a, nome e apelidos do profesor/a titor/a, especialidade, itinerario e data de depósito**; tamén incluírá un **índice coa paxinación** que proceda en cada caso. De seguida se establecen criterios específicos de contidos en función das especialidades e itinerarios, e a seguir o modelo para a elaboración dun traballo de investigación ou de intervención educativa.

ESPECIALIDADE DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA ITINERARIO DE DRAMATURXIA

A finalidade principal da materia TRABALLO FIN DE ESTUDOS (TFE) do itinerario de DRAMATURXIA é a realización dun obxecto artístico. Neste caso, dunha dramaturxia, desde a escrita dunha peza de literatura dramática inédita, ata o deseño dun guiión audiovisual, pasando por unha adaptación dramaturxica doutros materiais, ou por unha dramaturxia destinada a calquera modalidade ou xénero teatral. A memoria dese obxecto artístico final debe axustarse, o máximo posible, no seus contidos e estrutura, á natureza singular do mesmo. Ou sexa, debe ser a propia dramaturxia realizada a que determine cal é o formato e os contidos máis axeitados da memoria que a acompaña. Recoméndase, neste sentido, asesorarse, directamente, con quen asuma a docencia do TFE ou exerza as funcións de titor/a. En todo caso, adoita ser útil considerar na memoria algúns aspectos xerais como poden ser:

Título do TFG (en castelán, galego e inglés).

Resumo (nos respectivos idiomas).

Palabras chave (nos respectivos idiomas, entre 3-6).

Introdución. Presentación do documento e da súa natureza, indicando finalidade e obxectivos, xustificando a proposta no interese persoal ou na súa transcendencia educativa e/ou sociocultural, indicar a estrutura e os contidos por apartados e outros aspectos e cuestión que procedan.

1. Os estímulos iniciais ou puntos de partida.
2. Descrición e análise crítica do proceso de elaboración da dramaturxia, así como dos resultados acadados, tanto desde a perspectiva da produción como da recepción da mesma.
3. Os referentes e fontes implícitos ou explícitos.
4. As conclusións finais ás que se chegaron.
5. Tamén pode ser necesario engadir anexos con materiais complementarios debidamente xustificados.

ESPECIALIDADE DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA ITINERARIO DE DIRECCIÓN ESCÉNICA

No itinerario de Dirección escénica, a memoria do TFE, ou Caderno de Escenificación, debe conter, cando menos, os seguintes epígrafes:

Título do TFG (en castelán, galego e inglés).

Resumo (nos respectivos idiomas).

Palabras clave (nos respectivos idiomas, entre 3-6).

Introdución. Presentación do documento e da súa natureza, indicando finalidade e obxectivos, xustificando a proposta no interese persoal ou na súa transcendencia educativa e/ou sociocultural, indicar a estrutura e os contidos por apartados e outros aspectos e cuestión que procedan.

1. Puntos de partida

- Texto/s. Tema/s. Referentes textuais, espaciais, sonoros, audiovisuais, disciplinares, espectaculares, socioculturais, etc.
- Condicións artísticas e materiais. Coincidencias estéticas e ideolóxicas (entre a dirección e o equipo artístico e a obra literaria, se a houbese).
- Obxectivos e retos.

2. Estudo dos referentes establecidos

- Análise sincrónica e diacrónica do texto. Xénero. Estilo. Procedementos de composición, narrativos e expresivos. Intencionalidade. Temática. A acción dramática: trama. Espazo e tempo. O mundo da obra: datos e sucesos pescudados. Personaxes: dimensión persoal, social, teatral. Relacións e conflitos. Esquema actancial.
- Documentación relativa ao proxecto.

3. Principios da composición escénica

- Proposta escénica. Sentidos dramatúrxicos do espectáculo, principal e secundarios. Síntese e coherencia escénica. Mecanismos de harmonía e contraste.
- Definición e indución da estética e a estilística da escenificación. Referencias. Obxectivos estéticos e estratexias empregadas para logralos.
- Estrutura dramatúrxica. Efectos esperables na recepción.

4. Sistemas de significación e narrativa escénica

- Texto espectacular.
- Traballo actoral.
- Espazo escénico.
- Obxectos escénicos: mobiliario, útiles de man...
- Iluminación.
- Espazo sonoro.
- Medios audiovisuais.
- Elementos ligados á aparencia física do intérprete: vestuario, maquillaxe, máscaras.

5. Ensaio

- Traballo de creación: narrativa escénica e composición.
- Planificación, obxectivos e avaliación.
- Caderno de dirección actoral. Diario de ensaios.

6. Planificación da produción

- Aspectos Organizativos: Equipo técnico-artístico. Cronogramas do proceso. Plan de programación de ensaios. Plan de recollida e almacenamento.
- Aspectos Económicos: Cadro de recursos, gastos e necesidades. Plan económico financeiro.
- Aspectos materiais: *Rider* técnico. Plano de luces.
- Difusión (só en caso de querer distribuílo profesionalmente): Estratexias de difusión e promoción do proxecto. Repercusión do proxecto para a creación e consolidación de públicos escénicos.

7. Avaliación do proceso

- Análise do espectáculo.
- Valoración da recepción do espectáculo.

ESPECIALIDADE DE ESCENOGRAFÍA CONTIDO MÍNIMO DA MEMORIA DO PROXECTO DE DESEÑO ESCENOGRÁFICO

Extensión mínima: 80 páxinas, máis a documentación técnica/planimetría (escenografía e iluminación), documentación gráfica e artística (bosquexos, probas, mostras de materiais...), e maqueta a escala (mínimo 1:25).

Título do TFG (en castelán, galego e inglés).

Resumo (nos respectivos idiomas).

Palabras clave (nos respectivos idiomas, entre 3-6).

Introdución. Presentación do documento e da súa natureza, indicando finalidade e obxectivos, xustificando a proposta no interese persoal ou na súa transcendencia educativa e/ou sociocultural, indicar a estrutura e os contidos por apartados e outros aspectos e cuestión que procedan.

1. Memoria teórica
2. Escenografía
3. Vestiario
4. Caracterización
5. Iluminación
6. Deseño gráfico: folla de sala ou programa de man e cartaz. Outros materiais de difusión
7. Producción
8. Bibliografía e recursos utilizados
9. Planos técnicos e construtivos

ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN

Título do TFG (en castelán, galego e inglés).

Resumo (nos respectivos idiomas).

Palabras clave (nos respectivos idiomas, entre 3-6).

Introdución. Presentación do documento e da súa natureza, indicando finalidade e obxectivos, xustificando a proposta no interese persoal ou na súa transcendencia educativa e/ou sociocultural, indicar a estrutura e os contidos por apartados e outros aspectos e cuestión que procedan.

Contextualización da interpretación na proposta escénica.

- Orientación referencial.
- Encadre artístico.
- Encadre textual.
- Encadre visual e/ou media.
- Referentes específicos.
- Obxectivos e/ou intencións.

Proceso/s de realización escénica.

- Motivación.
- Supostos de partida.
- Ideación previa.
- Proceso creador:
- Actitude creadora.
- Directrices de traballo.
- Desenvolvemento procesual.
- Metodoloxía/s de traballo.
- Sistema/s de actuación.
- Síntese persoal da creación.
- Proceso/s de ensaio/s:
- Planificación.
- Análise do/s traballo/s en progresión.
- Observacións.

Conclusións e/ou reflexións finais.

Bibliografía e outros.

Anexos.

TFE CUNHA ORIENTACIÓN INVESTIGADORA/EDUCATIVA

Para os traballos de investigación ou intervención educativa contémpanse de partida dúas posibilidades, en función das competencias que os titulados e tituladas deben posuír como persoas capacitadas para neses dous eidos.

A opción de investigación consistirá na presentación e desenvolvemento dun proxecto de traballo vinculado coa xeración de coñecemento en torno a un problema ou temática. Implica unha análise teórica, metodolóxica, histórica, conceptual e mesmo comparativa, na que se asenta a presentación e/ou discusión en profundidade desa temática ou problemática. Esta opción esixe unha ampla revisión bibliográfica e/ou a procura doutras fontes de información en relación ao tema ou problema de estudo, e un debate crítico a partir dos referentes utilizados, así como unhas conclusións adecuadas aos obxectivos formulados.

A opción de intervención consistirá, ben nun traballo de investigación educativa seguindo os parámetros antes establecidos, ben nunha proposta de actuación nun contexto específico, a partir do estudo diagnóstico desa realidade, considerando en todo momento tempos, espazos e usuarios da intervención, así como recursos necesarios, e os criterios de avaliación. Esta modalidade poderá tomar o formato de deseño dun proxecto de intervención no marco do exercicio profesional, ou o estudo e avaliación externa dun proxecto existente, sexa actual ou pasado.

ESTRUTURA DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN

Título do TFG (en castelán, galego e inglés).

Resumo (nos respectivos idiomas).

Palabras clave (nos respectivos idiomas, entre 3-6).

Introdución. Presentación do documento e da súa natureza, indicando finalidade e obxectivos, xustificando a elección do tema ou problema no interese persoal ou na súa transcendencia académico do tema, indicar a estrutura e os contidos por apartados e outros aspectos e cuestión que procedan.

1. Presentación dunha pregunta ou tema de estudo, coa correspondente análise contextual de carácter histórico, teórico, artístico, metodolóxico, xeográfico, institucional...

2. Estado da cuestión. Presentación e comentario das achegas máis importantes que se teñen realizado en relación ao tema ou problema, indicando puntos fortes e débiles.

3. Marco teórico e metodolóxico. Onde se sitúa o tema ou problema no ámbito das disciplinas escénicas e/ou os estudos escénicos que correspondan, e se establecen os procedementos para a súa análise e desenvolvemento e resolución.

4. Resultados da investigación. Onde se mostra, en diferentes apartados (4.1, 4.2, 4.3...), a resolución do problema, ou se presenta, en diferentes apartados unha nova visión da temática a partir da investigación realizada.

5. Conclusións. Onde se vinculan e a analizan de forma crítica a finalidade e os obxectivos da investigación cos resultados obtidos, resaltando achegas e proponendo novas liñas de traballo.

6. Reflexións finais. Nunha perspectiva persoal faise unha valoración do que supuxo a realización do traballo en relación coas competencias da titulación e coa experiencia como investigador/a.

Referencias bibliográficas e outras fontes (de ser o caso).

Anexos (de ser o caso).

ESTRUTURA DUN TRABALLO DE INTERVENCIÓN

Título do TFG (en castelán, galego e inglés).

Resumo (nos respectivos idiomas).

Palabras clave (nos respectivos idiomas, entre 3-6).

Introdución. Presentación do documento e da súa natureza, indicando finalidade e obxectivos, xustificando a proposta no interese persoal ou na súa transcendencia educativa e/ou sociocultural, indicar a estrutura e os contidos por apartados e outros aspectos e cuestión que procedan.

1. Estado da cuestión e relevancia. Buscar documentación sobre outras intervencións que se teñan realizado, sobre a importancia da intervención e a súa natureza.

2. Marco teórico. Situar a intervención do ámbito da Pedagogía teatral e no doutras disciplinas que se consideren vinculadas á mesma.

3. Análise do contexto. Realizar unha análise de necesidades que se queren/quixeron atender, ou problemas que se queren/quixeron resolver a partir dunha avaliación diagnóstica.

Estudo de institucións implicadas e dos usuarios, tempos, espazos e recursos. Cómpre en cada caso recoller datos e analízalos, presentar os resultados e describilos.

4. Proposta/análise de intervención (a partir da análise do contexto) a realizar/realizada:

- 4.1. Obxectivos xerais e específicos.
- 4.2. Metodoloxías.
- 4.3. Cronograma.
- 4.4. Recursos (humanos, materiais...).
- 4.5. Unidades didácticas, Actividades.
- 4.6. Avaliacións.

5. Resultados do programa que se queren obter ou que se obtiveron, de ser aplicado, con referencia neste último caso a participantes no mesmo. Análise e discusión dos mesmos e consideración de propostas de mellora.

6. Conclusións, nas que se analiza o percorrido realizado e os diferentes momentos do mesmo, así como a visión inicial e final do deseño de intervención ou da intervención histórica.

7. Reflexións finais. Nunha perspectiva persoal faise unha valoración do que supuxo a realización do traballo en relación coas competencias da titulación e coa experiencia como educador/a ou investigador/a en educación teatral.

Referencias bibliográficas e outras fontes (de ser o caso).

Anexos (de ser o caso).

ANEXO II

TRABALLO FIN DE ESTUDOS

**AUTORIZACIÓN PRESENTACIÓN E DEFENSA
E PROPOSTA TRIBUNAL**

Don/Dona

en tanto que titor/a, ou director/a do TFE

elaborado/ realizado por:

FAI CONSTAR que o dito traballo reúne os requisitos necesarios para a súa presentación e defensa, razón pola que informa positivamente o mesmo, e ao tempo propón como integrantes do Tribunal ao profesorado que se cita:

1. Presidenta/e:
2. Secretaria/o:
3. Vogal:

1. Suplente 1:
2. Suplente 2:

Igualmente achega o Informe que se xunta como Anexo á presente comunicación.

O que se asina en Vigo, a _____ de _____ de 20_____

**INFORME
DO TITOR/A OU DIRECTOR/A**

Consideracións arredor do desenvolvemento do proxecto e cantas outras circunstancias se consideren significativas ou relevantes para a correcta avaliación do TFE.

Don/Dona

en tanto que titor/a, ou director/a do TFE

elaborado/ realizado por:

traslada aos integrantes do Tribunal as seguintes consideracións en relación ao TFE antes sinalado.

Asinado: _____

En Vigo, a ____ de _____ de 20__

CUALIFICACIÓN

Segundo establece a Orde do 21 de novembro de 2016 no seu artigo 37 (apartados 4, 5 e 6) a cualificación do TFE calcularase a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión de cualificación, expresada en termos numéricos cun decimal, eliminando as cualificación individuais dos membros do tribunal que difiran entre si tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas e mínimas, só será excluída unha delas. Cada integrante do Tribunal emitirá un informe segundo o modelo que de seguida se propón para cada unha das especialidades.

INFORME INDIVIDUAL DE CUALIFICACIÓN POR ESPECIALIDADES E ITINERARIOS

Cada integrante do tribunal cubrirá o informe de avaliación outorgando unha cualificación final, con nota numérica e un decimal, atendendo aos criterios de distribución de porcentaxes por parámetros.

Os valores que se establecen nos seguintes apartados son:

DEFICIENTE: 0-4,9

REGULAR: 5-6,9

BO: 7,0-8,9

EXCELENTE: 9-10

DRAMATURXIA

CUALIFICACIÓN DO TFG

NOME E APELIDOS DO ALUMNA/O:

NOME E APELIDOS MEMBRO DO TRIBUNAL:

| ENTREGA E/OU PRESENTACIÓN PÚBLICA DO OBXECTO DA DRAMATURXIA (85% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
|---|-------------------|----------------|-----------|------------------|---------------------|
| Coherencia estrutural da dramaturxia. | | | | | |
| Adecuación da dramaturxia a unha hipótese de recepción e de espectáculo. | | | | | |
| Cohesión dos diversos materiais compositivos, así como dos xéneros, estilos e modalidades escénicas ou audiovisuais. | | | | | |
| Singularidade nos procedementos e recursos artísticos empregados. | | | | | |
| CADERNO DE DRAMATURXIA (10% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
| Corrección e claridade lingüística e formal. | | | | | |
| Desenvolvemento axeitado de todos os parámetros pertinentes ao proceso de composición, análise e seguimento no ámbito da dramaturxia. | | | | | |
| Correspondencia entre o caderno de dramaturxia e o obxecto artístico final. | | | | | |
| DEFENSA (5% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
| Organización e presentación. | | | | | |
| Claridade da exposición, uso apropiado do vocabulario. | | | | | |
| Discurso relacionado co caderno de dramaturxia e co obxecto final artístico. | | | | | |
| Valoración e análise do proxecto dende o seu inicio ate a defensa do mesmo. | | | | | |
| Respostas ás cuestións formuladas polos membros da comisión de avaliación. | | | | | |

CALIFICACIÓN GLOBAL [(8.5) (1.0) (0.5)]: ____ + ____ + ____ = ____

Vigo, ____ de ____ de ____

Asinado: _____

**DIRECCIÓN ESCÉNICA
CUALIFICACIÓN DO TFG**

NOME E APELIDOS DO ALUMNA/O:

NOME E APELIDOS MEMBRO DO TRIBUNAL:

| PRESENTACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO (60% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
|--|-------------------|----------------|-----------|------------------|---------------------|
| Coherencia dramaturxica do espectáculo. | | | | | |
| Adecuación do espectáculo aos recursos materiais e humanos dispoñibles e ás condicións da representación. | | | | | |
| Cohesión dos diversos códigos de significación escénica. | | | | | |
| Singularidade nos procedementos e recursos artísticos empregados. | | | | | |
| CADERNO DE ESCENIFICACIÓN (20% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
| Corrección e claridade lingüística e formal. | | | | | |
| Desenvolvemento axeitado de todos os parámetros propios dun proxecto de escenificación e dunha memoria de ensaios. | | | | | |
| Correspondencia entre o caderno de escenificación e o espectáculo presentado. | | | | | |
| DEFENSA (20% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
| Organización da presentación | | | | | |
| Claridade da exposición, uso apropiado do vocabulario. | | | | | |
| Discurso relacionado coa memoria do proxecto e o aprendizaxe do alumno/a. | | | | | |
| Valoración e análise do proxecto dende o seu inicio ate a defensa do mesmo. | | | | | |
| Respostas ás cuestións formuladas polos membros da comisión de avaliación. | | | | | |

CALIFICACIÓN GLOBAL: [(6.0) (2.0) (2.0)]: ____ + ____ + ____ = ____

Vigo, ____ de ____ de _____

Asinado: _____

ESCENOGRAFÍA

CUALIFICACIÓN DO TFG

NOME E APELIDOS DO ALUMNA/O:

NOME E APELIDOS MEMBRO DO TRIBUNAL:

| PROXECTO DE DESEÑO ESCENOGRÁFICO [50 %] | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
|--|-------------------|----------------|-----------|------------------|---------------------|
| <i>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</i> | | | | | |
| Inclúe os apartados requiridos | | | | | |
| Desenvolve de maneira equilibrada os apartados | | | | | |
| Escribe clara e correctamente, utilizando terminoloxía adecuada | | | | | |
| Facilita a lectura a través do formato seleccionado | | | | | |
| Recolle e cita correctamente a bibliografía | | | | | |
| <i>DOCUMENTACIÓN GRÁFICA</i> | | | | | |
| Denota capacidade para plasmar a proposta a través do contido gráfico | | | | | |
| Inclúe información para a definición da proposta | | | | | |
| Responde o contido do enunciado (planos, instalacións, detalles construtivos...) | | | | | |
| Achega información exhaustiva do proxecto | | | | | |
| Mostra un traballo atractivo, con unidade e coherencia | | | | | |
| <i>MAQUETA</i> | | | | | |
| Elixe os materiais adecuados | | | | | |
| Executa a maqueta adecuadamente | | | | | |
| Transmite valores do proxecto | | | | | |
| FASE PRÁCTICA: DESENVOLVEMENTO DA REPRESENTACIÓN PÚBLICA [40 %] | | | | | |
| Adecuación do desenvolvemento práctico do proxecto á proposta de deseño (ámbitos de iluminación, escenografía ou caracterización e indumentaria) | | | | | |
| Valor estético e innovación na proposta. | | | | | |
| Amosa sensibilidade estética, crítica e técnica na concepción e realización da proposta. | | | | | |
| Aplica unha metodoloxía coherente. | | | | | |
| O espazo e elementos que o conforman funcionan como un sistema de signos con valor dramático | | | | | |
| Analiza e atopa solucións construtivas e de montaxe | | | | | |
| Alcanza o nivel idóneo no desenvolvemento da idea e da proposta lumínica fundamentada na creación do deseño | | | | | |

| | | | | | |
|---|--|--|--|--|--|
| Resáltanse as características psicofísicas da personaxe mediante a proposta de caracterización e indumentaria | | | | | |
| DEFENSA ORAL [10%] | | | | | |
| Estrutura os conceptos de maneira clara e ordenada no seu discurso | | | | | |
| Demuestra capacidade de investigación | | | | | |
| Argumenta e defende o proxecto presentado | | | | | |
| Salienta a idea da proposta na presentación | | | | | |
| Mostra equilibrio entre os distintos apartados | | | | | |
| Axústase ao tempo establecido | | | | | |
| Presenta unha organización que facilita o discurso | | | | | |
| Mostra contido relevante para a presentación | | | | | |
| Denota seguridade na exposición | | | | | |
| Responde con precisión ás preguntas | | | | | |
| Aclara as dúbidas do tribunal ampliando información | | | | | |
| Responde apropiadamente as cuestións expostas | | | | | |

CALIFICACIÓN GLOBAL: [(5.0) (4.0) (1.0)]: ____ + ____ + ____ = ____

Vigo, ____ de ____ de ____

Asinado: _____

**INTERPRETACIÓN
CUALIFICACIÓN DO TFG**

NOME E APELIDOS DO ALUMNA/O:

NOME E APELIDOS MEMBRO DO TRIBUNAL:

| PRESENTACIÓN PÚBLICA DO OBXECTO DO PROXECTO (70% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
|---|-------------------|----------------|-----------|------------------|---------------------|
| Domina os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual | | | | | |
| Participa na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interprétao adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas | | | | | |
| Integra e interactúa coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual | | | | | |
| MEMORIA DO PROXECTO (20% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
| Expón expresamente e con claridade os elementos establecidos na presentación da memoria escrita | | | | | |
| Desenvolve unha metodoloxía de traballo, estudo e para adaptarse a diversas situacións | | | | | |
| Concibe e fundamenta o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética | | | | | |
| Estuda o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñece aspectos básicos da investigación escénica | | | | | |
| DEFENSA (10% da nota final) | DEFICIENTE | REGULAR | BO | EXCELENTE | OBSERVACIÓNS |
| Presenta dun xeito claro e coherente os obxectivos e contidos do proxecto | | | | | |
| Desenvolve razoada e criticamente ideas e argumentos, con corrección lingüística e un uso adecuado do vocabulario específico da profesión | | | | | |
| Realiza autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal | | | | | |
| Adecúa as respostas ás cuestións formuladas polos membros do tribunal | | | | | |

CALIFICACIÓN GLOBAL: [(7.0) (2.0) (1.0)]: ____ + ____ + ____ = ____

Vigo, ____ de ____ de ____

Asinado: _____

INVESTIGACIÓN / INTERVENCIÓN

CUALIFICACIÓN DO TFG

NOME E APELIDOS DA ALUMNA/O:

NOME E APELIDOS MEMBRO DO TRIBUNAL:

| Memoria 70% | Deficiente | Regular | Bo | Excelente | OBSERVACIÓNS |
|---|-------------------|----------------|-----------|------------------|---------------------|
| O contido do documento está organizado de forma lóxica e cunha estrutura que facilita o seguimento do TFG | | | | | |
| Claridade e corrección lingüística. | | | | | |
| Fundamentos teórica e estado da cuestión. | | | | | |
| Orixinalidade do contido, contribución á creación de coñecemento e achegas persoais. | | | | | |
| De ser o caso, adecuación metodolóxica. | | | | | |
| Presentación, descrición, ilustración e, de ser o caso, interpretación dos resultados. | | | | | |
| Suficiencia, coherencia e actualidade da bibliografía utilizada. Uniformidade das citas e das referencias, e correspondencia. | | | | | |
| De ser o caso, as conclusións e discusión son coherentes cos obxectivos/preguntas de investigación/hipótese e cos resultados. | | | | | |
| Defensa 30% | Deficiente | Regular | Bo | Excelente | OBSERVACIÓNS |
| Orixinalidade e organización da presentación. | | | | | |
| Exposición comprensible, con claridade e un uso apropiado do vocabulario. | | | | | |
| Síntese clara e precisa dos aspectos máis substantivos do traballo | | | | | |
| Resposta precisa, adecuada e ben razoada a cuestións formuladas polas persoas que integraban o Tribunal. | | | | | |

CALIFICACIÓN GLOBAL: [(7.0) (3.0)]: ____ + ____ = ____

Vigo, ____ de ____ de ____

Asinado: _____

ANEXO III

FORMATO DOS TRABALLOS

(en especial para aqueles que teñan un formato convencional, se ben todos sen excepción deberán incluír a información identificadora que consta nos apartados 1 a 5).

ASPECTOS XERAIS

- Extensión: a que determinen as profesoras e profesores ou os departamentos, ou as titoras ou titores. No caso de TFEs de investigación ou intervención, máximo de 200.000 caracteres con espazos ou 36.000 palabras (Anexos incluídos).
- Marxe superior, inferior, esquerdo e dereito: 2.5 cm.
- Interliñado: 1:5.
- Xustificación: completa
- Espazado posterior parágrafos: 0.6
- Capítulo: Número ALTAS e **NEGRÍÑA: 1. INTRODUCCIÓN** (Texto en nova liña iniciando novo parágrafo)
 - Subcapítulo: Número. Número. Baixas e **Negríña: 1. 1. O contexto.** (Texto a seguir)
 - Apartado de subcapítulo: Número. Número. Número. Baixas. Cursiva: 1.1.1. *O espazo escénico* (Texto a seguir)
- Cada parágrafo leva unha sangría inicial de 0.5 cm.
- Citas.
 - As citas que non ocupen máis de tres liñas irán no corpo de texto e con comiñas latinas «», indicando ao final da mesma a referencia (Autora, ano, p. xx) ou (Autora e Autora, ano, p. xxx). Se nunha cita hai frases ou palabras con comiñas, entón amais das comiñas latinas inicial e final, poderase utilizar comiñas inglesas simples ''.
 - As citas que ocupen máis de tres liñas iran nun parágrafo aparte, sen comiñas, sangrado na súa totalidade (1.5 cm) pero sen sangría na primeira liña, interliñado simple e corpo de letra Arial 11. Ao final da mesma vai a referencia (Autora, ano, p. xx) ou (Autora e Autora, ano, p. xxx). E o punto final da cita vai despois do último paréntese da referencia [**como xa dixemos (autor, ano, p. xx).**] De ter que utilizar comiñas primeiro van as latinas «» e despois as inglesas ''.
 - No corpo de texto ou en parágrafo aparte, as referencias sempre levarán ano da publicación (entre paréntese) e de ser o caso, o número ou números de páxina (p. xx) (pp. Xx).
 - Cando se trate dun libro colectivo, o autor indicárase, facendo referencia á autora ou autoras seguido de *et. al.* (autora, *et al.*, ano, p. xxx).
- Notas a rodapé: letra Arial 10, xustificación completa e co número da nota en superíndice ¹.

FORMATO EXTERIOR E INTERIOR

1. Portada que OBRIGATORIAMENTE deberá incluír:

- Logotipo actual da ESADg na marxe superior.
- Título do TFE con letra arial 18, negríña, xustificado ao centro.
- Especialidade e itinerario con letra Arial 16, negríña, xustificado ao centro.
- Nome da alumna ou alumno, aliñado á dereita, letra Arial 14.
- Nome da titora ou titor, aliñado á dereita, letra Arial 14.
- Lugar, mes e ano da súa defensa, aliñado á dereita, letra Arial 12.

2. Folla sen numerar: autorización do titor/a.
3. Folla sen numerar para dedicatorias, agradecementos...
4. Índice cos apartados do traballo indicando número de páxina.
5. Resumo (200 palabras) e palabras chave (de 5-7 palabras). Galego e inglés.
6. Traballo, no que se terán en conta as seguintes normas:
 - Os símbolos, siglas ou acrónimos (**ESADg**) deberán indicarse por extenso a primeira vez coa abreviatura entre paréntese ou incluír un índice destes no inicio do traballo e antes do índice, aínda que estean normalizados.
 - As táboas, figuras, debuxos, imaxes... de existiren, levarán sempre un pé explicativo, en letra Arial 10, numeradas de forma correlativa, con título e indicando autoría procedencia e de ser una páxina electrónica, esta indicárase en nota a rodapé. A ilustración e o texto que lle serve de pé van con xustificación centrada.
 - As notas a rodapé, de existiren, numeraranse consecutivamente. As referencias bibliográficas non se aceptan como notas a rodapé.
7. Ó final do TFE, situaranse as "Referencias bibliográficas", presentadas por orde alfabética, e segundo a normativa APA. Todas as citas bibliográficas que se inclúan no texto do traballo deben ter a súa correspondencia nas "Referencias bibliográficas", sen incluír ningunha que non fose citada no corpo do TFE.

Anexos, que incluírán información complementaria, e sempre numerados, e presentados coas mesmas normas de edición que o corpo central do traballo.

NORMAS PARA REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS ESPECTÁCULOS, VÍDEOS, PELÍCULAS,...

Apelidos (directora/coreógrafa/escenógrafa...), A. A. (ano). *Título*. País: Produtora / Compañía (día/mes/ano *estrea*).

LIBROS. Pode haber autoría simple, compartida, edición ou coordinación. Sangría francesa (ver o último exemplo).

Apelidos, A. A.; Apelidos, B. B., & Apelidos, C. C. (eds.). (Año). *Título*. Cidade: Editorial.
Apelidos, A. A. (Año). *Título*. Cidade: Editorial.
Apelidos, A. A. (ed.) (Año). *Título*. Cidade: Editorial.
Apelidos, A. A. (coord.) (Año). *Título*. Cidade: Editorial.
Apelidos, A. A.; Apelidos, B. B.; Apelidos, C. C. & Apelidos (coords.). (Año). *Título*. Cidade: Editorial.
(Cando son máis de 6 as autoras e autores: Apelidos, A. A. *et. al.*, ...)

CAPÍTULO DE LIBRO, con autoría simple ou múltiple.

Apelidos, A. A. (Año). Título do capítulo. In: Apelidos, A. A. (ed.), *Título do libro* (pp. xx-xx). Cidade: Editorial.
Apelidos, A. A., & Apelidos, B. B. (Año). Título do capítulo. In: Apelidos, A. A., Apelidos, B. B. & Apelidos, C. C. (coords.), *Título do libro* (pp. xx-xx). Cidade: Editorial.
(Cando son máis de 6 as autoras e autores: Apelidos, A.A. *et. al.*, ...)

ARTÍCULO DE REVISTA, con regras moi similares ás anteriores no referido á autoría.

Apelidos, A. A., Apelidos, B. B., & Apelidos, C. C. (Año). Título do artigo. *Título da publicación*, volume (número), pp. xx-xx.
(Cando son máis de 6 as autoras e autores: Apelidos, A.A. *et. al.*, ...)

ARTÍCULO DE PRENSA.

Apelidos, A. A., Apelidos, B. B., & Apelidos, C. C. (Año). Título do artigo. *Título da publicación*, data.

TESES, TFMs, TFEs.

Apelidos, A. A. (Año). *Título*. (Tese, TFM, TFE, inédita/o). Nome da institución, con dirección de nome e apelidos, localización.

**REFERENCIAS EN LIÑA DE VÍDEOS, PELÍCULAS,
ESPECTÁCULOS, LIBROS, ARTIGOS...**

Calquera das referencias anteriores consultadas en rede debe ir acompañada de: Recuperado o día do mes de ano, de <http://www.xxxxxxxxxx> (con enlace)